

*ACORDOS NÚMERO 19/2017*  
*SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL*  
*DO DÍA 13 de setembro de 2017*

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día trece de setembro de dous mil dezasete, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

**ASISTENTES:**

***Alcalde:***

D. Antonio Pereiro Liñares

***Concelleiros:***

D<sup>a</sup>. Inés Santos Pereiro

D. José Manuel Cancela Cancela

***Secretaria:***

D<sup>a</sup> Ana Beatriz Oveja Villafañe

***Non asiste:***

D. Amadeo Cancela Fariña

**ORDE DO DIA**

- 1- APROBACION, SE PROCEDE DA ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO.-
- 2- ESCRITOS OFICIAIS.-
- 3- SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-
- 4- APROBACION FACTURAS.-
- 5- FASE NEGOCIACION DOS PROXECTOS INCLUIDOS NO POS + 2017.-
- 6- COMUNICACION PREVIA DE OBRAS.-
- 7- SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.-
- 8- SOLICITUDE DE LICENZA PARA REALIZAR O SANEAMENTO DAS PARCELAS XX E XX DO POLIGONO 52 DESTE TERMINO MUNICIPAL.-
- 9- PLAN LOCAL DE EMPREGO.-
- 10- RESOLUCION DENUNCIA URBANISTICA DE DON A.A.A.-
- 11- SOLICITUDE DE AXUDA ECONOMICA DA ASOCIACION VECIÑOS SAN CRISTOBO DE LEOBALDE.-
- 12- COÑECEMENTO DO USO DA INFRAESTRUTURA DE TELXIUS TORRES ESPAÑA ANTES TELEFONICA ESPAÑA S.A.U.-
- 13- DAR CONTA DO CONVENIO COA CONSELLERIA DO MEDIO RURAL PARA A CESION AO CONCELLO DE TORDOIA DE EQUIPOS DE PROTECCION INDIVIDUAL DO PLAN DE VIXILANCIA E CONTROL DA VESPA VELUTINA EN GALICIA.-
- 14- ROGOS E PREGUNTAS.-

**1.- APROBACION, SE PROCEDE DA ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO.-**

Acordos adoptados:

Aprobar a acta da sesión ordinaria celebrada con data 31.08.2017.

## **2.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

1. Recíbese escrito da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Augas de Galicia en relación a notificación da Resolución do expediente de solicitude de autorización das obras previstas na memoria valorada “danos sufridos polos temporais no concello de Tordoia”, datado en marzo de 2016, para a implantación de dúas obras de drenaxe transversal na canle do rego Luar, na parroquia de Gorgullos, no t.m. De Tordoia. Clave: XXXXXXXXXXXX.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

2. Dase conta polo señor alcalde do escrito recibido do Concello de Ordes en relación a conmemoración que terá lugar o vindeiro 10 de setembro do 80 aniversario do falecemento do Soldado Lois.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

3. Recíbese escrito da Deputación Da Coruña do servizo de xestión tributaria en relación a información relativa aos padróns fiscais do IAE e do IBI, exercicio 2017.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

4. Pola Presidencia infórmase do escrito que remite o xerente de Augas de Galicia en relación co convenio asinado o día 11 de xullo de 2017 con ese organismo para a realización do proxecto Saneamento en Castro - Bardaos, clave: M.17003, e solicitando se remita documentación co fin de realizar os trámites necesarios para a adxudicación da obra, a saber: conformidade coa memoria técnica, compromiso de recibir as obras, posta a disposición de Augas de Galicia dos terreos necesarios e dispoñibilidade dos mesmos.

Acordos adoptados:

a) Conformidade coa memoria técnica: proxecto elaborado polo enxeñeiro de camiños don B.B.B., por importe de 50.611,26.-€. que foi aprobado polo Pleno en sesión celebrada o día 31 de xullo de 2014.

b) Compromiso de recibir as obras, e como titular asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.

c) Por a disposición de Augas de Galicia, ante do inicio das obras, dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado: Referente a dispoñibilidade dos terreos xa figura na memoria técnica e aprobada polo Pleno na sesión celebrada o día 31 de xullo de 2014 e en canto ao réxime urbanístico foi emitido informe favorable polos servizos técnicos municipais o 23 de maio de 2017 e do que se remitiu unha copia ao organismo público con data 26 de maio de 2017.

## **3.- SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-**

Acordos adoptados:

1º Autorizar a conexión ao abastecemento da rede de augas municipais, previa liquidación das correspondentes taxas, debendo cumprir o cumprimentado no informe do Servizo municipal de augas.

- C.C.C. domicilio no lugar de Arcai de Abaixo, parroquia de Gorgullos.

-D.D.D. domicilio no lugar de Casais, parroquia de Cabaleiros.

-E.E.E. domiciliio no lugar de Campo de Arriba, parroquia de Tordoia.

-F.F.F. domicilio no lugar de Casais, parroquia de Cabaleiros.

#### 4.- APROBACION FACTURAS.-

Acordos adoptados:

1. Aprobar as facturas relacionadas por un importe total de 7.276,15€

2. Ordear a Tesourería Municipal que proceda ao pago previa intervención formal da Intervención das cantidades das facturas relacionadas por un importe de 7.276,15€

ENTRADA	FACTURA	IMPORTE	TERCERO	APLICACION
F/2017/1375	Emit- 12	6.013,70 €	JMPK PAR INF. Y MOB. URBANO, S.L.	2017 933 21200
F/2017/1640	TK7117 340	1.262,45 €	CAEIRO REY, S.L.	2017 1531 21400
	<b>TOTAL</b>	<b>7.276,15 €</b>		

#### 5.- FASE NEGOCIACION DOS PROXECTOS INCLUIDOS NO POS + 2017.-

Acordos adoptados:

1. A Xunta de goberno ratifícase na proposta presentada na primeira valoración, non existindo por tanto mellora sobre as ofertas que presentaron na primeira concorrência, acorda propoñer ao órgano de contratación a súa clasificación, por orden de maior a menor puntuación, e que figura no decreto da Alcaldía do 8 de setembro de 2017, adjudicando ao licitador que obtivo a maior puntuación para cada un dos proxectos, e polos importe que ofertou na primeira oferta.

#### 6.- COMUNICACION PREVIA DE OBRAS.-

Acordos adoptados:

1.- Logo de ver a documentación presentada por dona G.G.G. para a comunicación previa de obras “substitución de material de cubrición na cuberta dun alpendre existente”:

a.- Recoñecer a eficacia da comunicación previa de obras presentada o 31.08.2017 por dona G.G.G. para a comunicación previa de obras “substitución de material de cubrición na cuberta dun alpendre existente”

b.- Deberá cumprir as observacións do informe técnico de data 12.09.2017.

c.- Notificarlle ao interesado a presente autorización.

2. Logo de ver a documentación presentada por don H.H.H. para a comunicación previa de obras “substitución de material de cubrición na cuberta dunha vivenda existente”:

a.- Recoñecer a eficacia da comunicación previa de obras presentada o 31.08.2017.

b.- Deberá cumprir as observacións do informe técnico de data 12.09.2017.

c.- Notificarlle ao interesado a presente autorización.

## **7.- SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.-**

Acordos adoptados:

1. Vista a solicitude formulada por don Luís I.I.I. conceder unha tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.

## **8.- SOLICITUDE DE LICENZA PARA REALIZAR O SANEAMENTO DAS PARCELAS XX E XX DO POLIGONO 52 DESTE TERMINO MUNICIPAL.-**

Acordos adoptados:

1. Non conceder licenza para a realización da obra do saneamento das parcelas XX e XX do polígono 52 deste termino municipal solicitada por J.J.J., xa que a documentación que presenta está incompleta

## **9.- PLAN LOCAL DE EMPREGO.-**

Acordos adoptados:

1º Aprobar a proposta do señor alcalde de creación dun plan de emprego.

2º Facultar ao señor alcalde para que aprobe as bases de contratación do persoal.

## **10.- RESOLUCION DENUNCIA URBANISTICA DE DON A.A.A.-**

Acordos adoptados:

1º.- Desestimar a solicitude formulada por D. A.A.A., ao non resultar acreditado que o camiño ao que se fai relación no presente expediente sexa titularidade do mesmo.

2º.- Requerir a Dª. K.K.K., aos efectos de que proceda a adecuar á normativa vixente a canalización de saneamento, coas pertinentes autorizacións sectoriais.

3º.- Notificar o presente acordo ao solicitante e a cantos aparezan como interesados no presente procedemento.

Contra esta acordo, que pon fina á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, poderase interpor un ou dos seguintes recursos:

a) Con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

A Interposición do recurso, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado, de conformidade co disposto no artigo 117 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Se transcorrese un mes desde o día seguinte ao de a interposición do recurso de reposición sen que este fose resolto, poderá entender que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado de o Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao da desestimación presunta.

b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio administrativo.

#### **11.- SOLICITUDE DE AXUDA ECONOMICA DA ASOCIACION VECIÑOS SAN CRISTOBO DE LEOBALDE.-**

Acordos adoptados:

1º Concederlle unha axuda económica fixada na mesma contía que en anos anteriores.

#### **12.- COÑECEMENTO DO USO DA INFRAESTRUTURA DE TELXIUS TORRES ESPAÑA ANTES TELEFONICA ESPAÑA S.A.U.-**

Acordos adoptados:

1º deixar sobre da mesa ata revisar o convenio.

**13.- DAR CONTA DO CONVENIO COA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PARA A CESIÓN AO CONCELLO DE TORDOIA DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL DO PLAN DE VIXILANCIA E CONTROL DA VESPA VELUTINA EN GALICIA.-**

O señor alcalde dá conta do convenio coa Consellería do Medio Rural para a cesión ao Concello de Tordoia de equipos de protección individual do plan de vixilancia e control da vespa velutina en Galicia, asinado o 11 de agosto de 2017.

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**14.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 13:30 horas.